

<b>Tipo de contrato:</b> Administrativo
<b>Procedemento:</b> Contrato menor de servizos
<b>Obxecto do contrato:</b> Contratación do servizo de Axente Dinamizadora do CIM da Mancomunidad do Salnés para os concellos de Cambados, Meaño, Meis, Ribadumia e Vilanova de Arousa
<b>Código CPV:</b> 85121270-6 Servizos psiquiátricos ou psicolóxicos 98200000-5 Servizos de asesoramento sobre igualdade de oportunidades
<b>Valor estimado do contrato:</b> 14.500,00 € sen IVE

### **INFORME INSUFICIENCIA DE MEDIOS**

En base ao disposto no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), cando se faga necesario celebrar un contrato de servizos, previamente deberase xustificar adecuadamente no expediente a insuficiencia de medios.

A Mancomunidad do Salnés presta de maneira mancomunada aos concellos de Cambados, Meaño, Meis, Ribadumia e Vilanova de Arousa un servizo público de atención ás mulleres en situación de vulnerabilidade, que ten como obxectivo dar resposta de xeito persoal e inmediato ás necesidades das usuarias de ditos concellos da comarca, ofrecéndolles un asesoramento xurídico, asistencia psicolóxica, intervención por parte da axente de igualdade, así coma información ampla en materia de recursos.

Resultando necesaria a contratación, dentro do CIM Comarcal, do servizo de axente dinamizador para a prestación de asistencia psicolóxica e asesoramento integral, coa fin de lograr a inserción socio laboral das persoas en situación de vulnerabilidade, dada a imposibilidade de asumilo co persoal propio.

Dado o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos, obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixen un elevado custo, tanto de instalación, de adquisición coma de funcionamento e xestión, que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar un servizo, neste caso de atención psicolóxica e dinamización social, que na actualidade se considera imprescindible.

A contratación ten como obxectivo a creación dun servizo dinamizador especializado en promover cambios actitudinais persoais efectivos para a adquisición de habilidades orientadas ao mercado laboral a través da intervención nas necesidades individuais, removendo aquelas características internas da persoa que obstaculizan a inserción e achegando habilidades tanto persoais como instrumentais.

Vista a necesidade de levar a cabo a contratación do servizo, consistente na realización de accións para a loita contra a discriminación por razón de sexo, promovendo a igualdade entre sexos co fin de incrementar a participación da poboación laboral e contribuír así ao crecemento e á cohesión social.



## INFORME

### **PRIMEIRO.** Insuficiencia de medios persoais:

Dadas as especificidades técnicas, precisas para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, e a prevención e a erradicación da violencia de xénero, así como para o establecemento das condicións que posibiliten a participación das mulleres na vida política, económica, cultural e social; non figura na plantilla desta entidade persoal con tales cualificacións para atender ás funcións que require este servizo, xa que se trata de funcións específicas e concretas non habituais que só se podan prestar por unha axente dinamizadora especializada en materia de igualdade. Este feito xustifícase coa descrición da dificultade e especialización das tarefas a realizar e a imposibilidade de prestarse por persoal propio.

### **SEGUNDO.** Insuficiencia de medios materiais:

Por non dispor dos *medios materiais* necesarios para a prestación do servizo ao tratarse de prestacións específicas e concretas, nin se dispón das ferramentas necesarias para a consecución da necesidade obxecto do contrato.

**TERCEIRO.** Publicar o informe de insuficiencia de medios no perfil de contratante de conformidade co establecido no artigo 63.3.a) da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Cambados, á data da sinatura electrónica.

O PRESIDENTE,  
David José Castro Mougán

